



BANDO

Axudas para PROMOCIÓN do EMPREGO AUTÓNOMO



D. José A. Eiras Paz, alcalde-presidente do Concello de Moraña

FAI SABER:

Que a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia convocou axudas para a promoción do emprego autónomo.

Poden solicitar estas axudas as persoas desempregadas que se constitúan como traballadores/as autónomos/as ata o 30 de xuño de 2010 e cumpran os demais requisitos establecidos na orde de convocatoria, así como aquelas persoas que o fixeran dende o 16 de setembro de 2009.

SUBVENCIÓN POLO ESTABLECEMENTO COMO TRABALLADOR/A AUTÓNOMO/A OU POR CONTA PROPIA.

Oscilará entre 5.000 e 10.000 euros segundo colectivo ó que pertence o promotor.

SUBVENCIÓN FINANCEIRA.

Consistente na redución de ata catro puntos do tipo de xuro (interés) do préstamo necesario para constituírse como traballador/a autónomo/a.

O límite da subvención financeira pode oscilar entre 5.000 e 10.000 euros segundo o colectivo ó que pertence o promotor.

TIPO DE AXUDAS

AXUDA EXCEPCIONAL.

Para financiar os primeiros gastos da actividade ás persoas desempregadas. Oscilará entre 2.000 a 3.600 euros segundo o colectivo ó que pertence o promotor.

SUBVENCIÓN POLA PRIMEIRA CONTRATACIÓN. Oscilará entre 2.000 e 6.000 euros segundo colectivo ó que pertence o traballador contratado.

Subvención para asistencia técnica e subvención para formación. 75% do custo da asistencia técnica ou dos cursos recibidos, ata un máximo de 1.000 e 3.000 euros respectivamente.

Para máis información e asesoramento na realización dos trámites as persoas interesadas poden acudir ó Concello de Moraña ou chamar ó número 986 55 30 05.

Prazo de presentación de solicitudes na Xunta de Galicia: ata o 30 de xuño de 2010.

Moraña, 28 de abril de 2010
O alcalde

Asdo. José A. Eiras Paz